

Manifestación contra o saqueo das pensións

Os sindicatos CUT e **CGT** convocan unha **manifestación**, dentro das mobilizacións unitarias pactadas para toda Galicia, en defensa do sistema público de pensións e en protesta contra os recortes que está levando a cabo o goberno actual, que non só recorta dereitos sociais aos pensionistas facéndolles pagar parte dos medicamentos e servizos médicos, senón que ten a intención de endurecer os requisitos para ter dereito a pensións e rebaixar, mediante o cambio do sistema de cálculo, os importes iniciais da pensión. A isto lle temos que engadir o cambio no sistema de revalorización das pensións, que provocará unha rebaixa real e un deterioro das condicións de vida dos anciáns, xa baqueteados pola chamada crise.

A **manifestación** se celebrará o día **9 de novembro, sábado**, e sairá ás **12:30 horas da Praza de Portugal** e rematará diante da Delegación do Goberno.

Os sindicatos convocantes fan un chamamento ao pobo coruñés para que se sume a esta convocatoria e fagan chegar a súa protesta na rúa contra estas medidas inhumanas.

CGT da Coruña